

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2024 pola que se resolve o concurso específico de méritos convocado pola Resolución do 4 de maio de 2023 para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario, na área de arquivos e bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.*

Elevada pola Comisión de Avaliación a proposta definitiva de adxudicación de postos, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen pola Resolución reitoral do 21 de abril de 2022 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG do 26 de abril),

#### RESOLVE:

Primeiro. Adxudicarlle ao persoal funcionario que se relaciona no anexo os postos de traballo que nel se especifican, con efectos económicos e administrativos do día 1 de abril de 2024.

Segundo. A adxudicación destes postos supón a imposibilidade, para o persoal nonmeado, de participar durante seis meses nos concursos que se convoquen.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2024

Antonio Javier Ferreira Fernández  
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela





**DOG**

**Diario Oficial de Galicia**

DOG Núm. 50

Luns, 11 de marzo de 2024

Páx. 18199

## ANEXO

Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Quenda	Campus	Persoa proposta	Puntuación total	Observacións
PF000025	Responsable de oficina biblioteca. Oficina de Adquisicións. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo	Mañá	Lugo	Amboage García, Inés	60,73	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000070	Dirección biblioteca centro. Biblioteca da Facultade de Psicoloxía/Facultade de Ciencias da Educación	Mañá	Compostela	Cana Villar, María	69,42	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000069	Dirección biblioteca centro. Biblioteca da Facultade de Filoloxía	Mañá	Compostela	Díez Jambrina, Flor Pilar	70,35	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000029	Xefatura de sección de bibliotecas. Sección de Adquisicións. Biblioteca Universitaria	Mañá	Compostela	Fandiño Suárez, María del Carmen	63,31	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000028	Subdirección técnica. Biblioteca Universitaria	Mañá	Compostela	González da Costa, Ana Carmen	78,20	
PF000023	Responsable de oficina biblioteca. Oficina de Xestión da Colección. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal	Mañá	Compostela	Ortega González, Montserrat	65,57	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000071	Dirección biblioteca centro. Biblioteca Facultade de Física/Facultade de Óptica e Optometría	Mañá	Compostela	Redondo Abal, Francisco Xabier	72,65	Subgrupo C1: licenciatura/grao/ diplomatura ou curso selectivo
PF000018	Dirección biblioteca intercentros. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal	Mañá	Compostela	Rodríguez Dopazo, José	74,64	